

## DOMINGO II DE CORESMA (C)

### PRIMEIRA LECTURA    Xen 15, 5-12. 17-18

Lectura do libro da Xénese

Naqueles días, Deus levou fóra a Abrahán e prometeulle: - "Olla cara ó ceo e conta as estrelas, se é que podes. Así terás de descendentes". Abrahán creu ó Señor, que llo tivo en conta para a xustificación.

Despois díxolle o Señor: - "Eu son o Señor, que te sacou de Ur dos Caldeos, para che dar en herdo esta terra". Abrahán preguntou: - "Señor e dono meu, ¿como saberei que será miña?" O Señor respondeu: - "Tráeme unha becerra, unha cabra e un carneiro, todos eles de tres anos, e mais unha rula e unha pomba". Abrahán trouxo todo, partiu os animais polo medio e puxo unha metade fronte á outra; pero as aves non as partiu. Os voitres descendían á carnada, e Abrahán espantábaos. Cando o sol estaba para se pór, apoderouse de Abrahán un sono profundo e invadiuno unha escura ansiedade.

Cando se puxo o sol e se fixo noite pecha, Abrahán viu pasar entre os membros dos animais tallados un fume coma de forno e un facho de lume. Aquel día fixo o Señor con Abrahán esta alianza: - "Ós teus descendentes dareilles esta terra, desde o torrente de Exipto ata o gran río Éufrates,

### SALMO RESPONSORIAL    Sal 26, 1. 7-8. 9abc. 13-14

R/. (1a): **O Señor é a miña luz e salvación.**

O Señor é a miña luz e salvación,  
¿a quen hei temer?  
O Señor é a protección da miña vida,  
¿diante de quen hei tremer?

Escoita, Señor, a miña voz, que estou clamando,  
ten misericordia de min, respóndeme.  
O meu corazón dixo de ti:  
"Buscade o meu rostro".  
O teu rostro eu busco, Señor.

Non afastes de min o teu rostro.  
Non rexeites con ira o teu servo,  
Ti e-la miña axuda.

Eu espero gozar da bondade do Señor  
na terra da vida.  
Espera no Señor, procede coma un valente,  
ten corazón forte, espera no Señor.

## **SEGUNDA LECTURA** Flp 3, 17 -- 4, 1 (longa)

Lectura da Carta do Apóstolo San Paulo ós Filipenses

Irmáns: Seguidе todos o meu exemplo e reparaде nos que camiñan conforme o modelo que tedes de nós. É que moitos -dos que xa vos teño falado e agora falo a chorar-pórtanse coma inimigos da cruz de Cristo. Esa xente vai acabar na perdición; o Deus dela é o seu bandullo; a súa gabanza está na vergonza: xente que só se interesa polas cousas terrealis. Pero a nosa patria está no ceo, de onde nós agardamos un salvador, Xesús Cristo, o Señor. El ha transfoma-lo noso pobre corpo, configurándoo ó corpo da súa condición gloriosa, de acordo coa súa virtualidade para sometelo e para someter a si mesmo tódalas cousas.

Polo tanto, meus irmáns tan queridos e por quen sinto saudades, miña alegría e coroa, ¡seguidе así firmes no Señor, queridiños!

## **EVANXEO** Lc 9, 28b-36

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, Xesús colleu a Pedro, a Xoán e mais a Santiago e subiu ó monte a orar. Mentres estaba orando, cambiou o aspecto do seu rostro, e os seus vestidos viraron brancos e resplandecentes.

De súpeto apareceron dous homes falando con el; eran Moisés e mais Elías. Tiñan un aspecto glorioso e falaban do seu éxodo que remataría en Xerusalén. Pedro e mailos outros caían co sono, pero, manténdose espertos, contemplaron a súa gloria e os dous homes que o acompañaban. Cando eles se arredaban, díxolle Pedro a Xesús: - Mestre, ¡que ben que esteamos nós aquí! ¿Queres que vos fagamos tres tendas, unha para ti, outra para Moisés, e outra para Elías?

Pero non sabía o que dicía. E mentres falaba, unha nube cubriunos coa súa sombra; eles quedaron moi asustados ó entraren nela. Entón unha voz dixo desde a nube: - Este é o meu Fillo, o Elixido: escoitádeo.

Cando a voz acabou, Xesús apareceu só. E eles gardaron silencio. E non lle dixeron a ninguén nada do que viran naqueles días.